



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA DEZAOITO DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO (10/2024)

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Monfero, ás once horas e tres minutos do día dezaeito de setembro de dous mil vinte e catro, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen os Sres. Concelleiros do PSOE: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros/as do PP: D.^a M.^a Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera, D. Ángel Grueiro Filgueiras e D. Ramón Blanco Filgueiras; e o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día ás once horas, a solicitude da Sra. Concelleira e dos Sres. Concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular que se insere deseguido. Como queda dito, non asiste D. Andrés Feal Varela. Actúa como Secretario o que o é da Corporación: D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1. Informar de como se está a planificar o desbroce, que tipo de criterio están a seguir, así como a previsión que existe de cara os próximos meses para que o municipio quede totalmente limpo.
2. Informar acerca do incumprimento de contrato de un traballador que está como operario de maquinaria agrícola.
3. Informar do traballo que está a realizar o albanel contratado, e de que non se está a mandar aos operarios o CPI VIRXE DA CELA para revisar e preparar as instalacións con motivo do inicio do próximo curso escolar.
4. Modificación do punto 12 do acordo adoptado na sesión Plenaria de organización da Corporación celebrada o día 19 de xullo de 2023, Delegación de competencias plenarias na Alcaldía.
5. Modificación do punto 12 do acordo adoptado na sesión Plenaria de organización da Corporación celebrada o día 19 de xullo de 2023, Delegación de competencias plenarias na Xunta de Goberno Local

A solicitude de convocatoria deste pleno extraordinario da Corporación, formulada pola Sra. Concelleira e os tres Concelleiros do Grupo Popular, que se remitiu xunto coa convocatoria da sesión ao Sr. Concelleiro do BNG, insérese continuación:



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

D^a. María Belén Salido Maroño con DNI 87.14
D^o José Tojeiro Mosquera con DNI 03.46
D^o Angel Filgueiras Grueiro con DNI 16.40
D^o Ramón Blanco Filgueiras con DNI 05.85

Os concelleiros arriba relacionados pertencentes ao Grupo do Partido Popular do Concello de Monfero, asinantes do presente escrito, e por medio do presente

SOLICITAN

1.- Que ao amparo do disposto nos artigos 46.2, letra a) da lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 78.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitan a celebración dun Pleno Extraordinario que haberá de ser convocado por esa Alcaldía e celebrado dentro do prazo máximo de quince días hábiles fixado en o art. 46.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de Abril.

2.- Concorren nos solicitantes os requisitos legalmente establecidos para ser acredores do recoñecemento do dereito á celebración do Pleno Extraordinario solicitado, con arranxo ao seguinte:

- 1º) A solicitude fórmulase por máis dunha cuarta parte do número legal de membros da Corporación.
- 2º) A solicitude está asinada persoalmente por todos os que a subscriben, que á súa vez ostentan a condición de Concelleiros desta Corporación.
- 3º) A solicitude faise en escrito razoado, tal e como seguidamente exporemos.
- 4º) Os asuntos a tratar son competencia do pleno.
- 5º) Contén proposta de acordo.
- 6º) A entrada rexístrase no Rexistro Xeral de Entradas deste Concello, momento a partir do cal comezan a computarse os prazos de convocatoria e celebración.

3.- A presente solicitude de celebración de Sesión Extraordinaria do Pleno do Concello de Monfero baséase nos seguintes motivos:

-A oposición ten o dereito constitucional de intervir na xestión dos asuntos municipais e de efectuar o control da acción do equipo de goberno.

-Un instrumento de control o goberno local é a formulación de preguntas en sede plenaria, a obriga da Alcaldía é respondelas nos termos recolleitos no art. 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, precepto legal infrinxido sistemáticamente pola Alcaldía.

-Este grupo municipal leva meses preguntando en Pleno Ordinario acerca do desbroce a nivel municipal sin practicamente obter resposta, estamos observando como pasan os días e non vemos avances, o que está a dificultar a circulación nas vías municipais así como elevando o risco de incendio no Concello. Non sabemos



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

cal é a planificación que está a facer o goberno municipal nin cal é a súa prioridade.

-Unha vez revisados os contratos laborais, puidemos constatar que o Concello de Monfero conta con tres operarios de maquinaria agrícola a tempo completo para realizar o traballo de desbroce, pero a día de hoxe só se atopa activo un operario. Estamos a ver como se incumpren os contratos, podemos ver como algún operario está a realizar tarefas que para nada teñen que ver coas labores encomendadas e incluso manexando outros vehículos os cales non estaría autorizado.

-O concello ten contratado un albanel por 5 meses, pero nada sabemos das tarefas encomendadas e si realmente están relacionadas co seu posto.

-Incompetencia da Alcaldía e incumprimento legal de aprobación do orzamento da Corporación para o ano 2.024

-A mala xestión que se está a realizar por parte de goberno e que afecta negativamente a veciñanza do concello: mal funcionamento dos servizos básicos, deficiencias no mantemento da rede viaria, pésima recollida de lixo, desatención no mantemento do CPI VIRXA DA CELA, retraso no pagamento das subvencións municipais xustificadas, non se solicitan subvención de outras administracións para beneficio do municipio... Vemos un desleixo claro nas funcións de goberno que perxudican seriamente a veciñanza do municipio.

4.-Orde do día do Pleno Extraordinario cuia convocatoria e celebración se solicita:

Os asuntos a incluír na Orde do día do Pleno Extraordinario son os seguintes:

1. Informar de como se está a planificar o desbroce, que tipo de criterio están a seguir, así como a previsión que existe de cara os próximos meses para que o municipio quede totalmente limpo.

2. Informar acerca do incumprimento de contrato de un traballador que está como operario de maquinaria agrícola.

3. Informar do traballo que está a realizar o albanel contratado, e de porque non se está a mandar os operarios o CPI VIRXE DA CELA para revisar e preparar as instalacións con motivo do inicio do próximo curso escolar.

4. Modificación do punto 12 do acordo adoptado na Sesión Plenaria de Organización da Corporación celebrada o día 19 de Xullo de 2.023, Delegación de competencias plenarias na Alcaldía.

5. Modificación do punto 13 do acordo adoptado na Sesión Plenaria de Organización da Corporación celebrada o día 19 de Xullo de 2.023, Delegación de competencias plenarias na Xunta de Goberno Local.



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Monfero, 28 de agosto de 2.024

Asdo.

Boleán Salido

Asdo.

José Tejero Rosquera

Asdo.

Ángel Filgueiras

Asdo.

Rando Blanco

1.- INFORMAR DE COMO SE ESTÁ A PLANIFICAR O DESBROCE, QUE TIPO DE CRITERIO ESTÁN A SEGUIR, ASÍ COMO A PREVISIÓN QUE EXISTE DE CARA OS PRÓXIMOS MESES PARA QUE O MUNICIPIO QUEDE TOTALMENTE LIMPO.

O Sr. Alcalde en funcións informa que actualmente se encontran desbrozadas por completo as parroquias de Taboada e Queixeiro, que esta semana con toda seguridade quedará Vilachá tamén, e que en San Fiz están tres cuartas partes. Que as únicas que non se desbrozaron aínda nada son Santa Xiá e Alto Xestoso. E que no Val de Xestoso desbrozouse unha terceira parte ou quizás menos no mes de xuño. Que o criterio que están a seguir xa o ten comentado outras veces no Peno o Alcalde, Andrés: o plan que seguen todos os anos é empezar nunha parroquia, facela por completo e rematar na outra punta do municipio, facendo un parón de mediados de agosto a finais de agosto para darlle aos escolares. Canto á previsión dos próximos meses, que agora están traballado dous tractoristas, hai un que está de baixa e prevén que se incorpore a finais de setembro, e despois o 1 de outubro van incorporar unha máquina desbrozadora que desbroza cara adiante, como as das autopistas, que é compartida entre a Comunidade Lambre-Mandeo, Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior, na que Vilarmaior e Irixoa non quixeron participar, e o acordo foi entre Aranga e Monfero. Aranga quedábase con ela xullo, agosto e setembro, e Monfero outubro,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

novembro e decembro. Que con ela se adianta moito o traballo porque é moito máis cómoda que as desbrozadoras laterais ao vir cara adiante e sácase máis traballo.

Deseguido pregunta se hai algunha intervención.

Pide a palabra para intervir a Sra. Voceira do Grupo Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño, quen manifesta que o seu grupo solicitou este pleno para que se dera conta de como estaba o desbroce porque nos plenos ordinarios non se lles informa como é debido e daquela víronse na obriga de solicitar este pleno. Que levando todo o ano os traballadores desbrozando, a estas alturas, a piques de comezar o mes de outubro, o Concello debería de estar máis que desbrozado ao seu entender. Que o Concello, para ben ser, debería de desbrozarse dúas veces no ano, unha na primavera e outra antes do inverno. Que, sobre todo na época estival, o Concello xa debería de estar desbrozado para evitar así os riscos de incendio e en Monfero hai moitísima masa forestal e cre que se deberían de ter todas as precaucións posibles para que non houbera ningún tipo de risco de incendios, sobre todo para a poboación. Que, vendo como estaba o desbroce a día de hoxe, como ben lles acaba de informar o Alcalde en funcións, ven que non se está a cumprir a expectativa do desbroce no Concello porque, vendo o pouco tanto por cen que está desbrozado, quedando case toda a parroquia do Val sen desbrozar, quedando o Alto de Xestoso, quedando máis ou menos a metade de San Fiz, pois evidentemente as expectativas non son as que deberían de ser, entón, esperan, que tal e como lles están a informar, que de aquí a final de ano o desbroce avance e Monfero quede totalmente limpo, pero que a eles (Grupo Popular) xa lles parece isto unha tomadura de pelo e que veñen ao pleno a representar aos veciños, que foron os que lles votaron, e que cre que poden preguntar e deben de informarse tamén de por que a situación do desbroce é esa. Que pola súa parte nada máis.

A continuación pide a palabra para intervir o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, e pregunta se o Concello de Irixoa e o de Vilarmaior participan nesa máquina nova que acaba de dicir. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que forma parte deles pero que declinaron usala este ano. Afirma entón o Sr. Concelleiro que daquela correspóndelle a máquina a Monfero seis meses.

2.- INFORMAR ACERCA DO INCUMPRIMENTO DE CONTRATO DE UN TRABALLADOR QUE ESTÁ COMO OPERARIO DE MAQUINARIA AGRÍCOLA.

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que, tal e como está redactado ese punto, non vai informar nada porque non sabe a que operario se refiren nin nada, que lles gustaría que deran nomes ou algo e así podería informar dentro da medida, dentro do posible, dese incumprimento do que falan.

Deseguido pregunta se hai algunha intervención.

Pide a palabra para intervir a Sra. Voceira do Grupo Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño, quen manifesta que o seu grupo fai esa pregunta porque despois de solicitar por rexistro poder acceder aos contratos dos tractoristas, atopáronse con que existen tres contratos para tres persoas como operarios de maquinaria agrícola, que son iguais, e entón que ven que hai unha persoa evidentemente como dixo o Alcalde en funcións que esta de baixa por motivos de saúde, pero que hai outra persoa que está a incumplir ese contrato e que é evidentemente porque desde o grupo de goberno se lle mandan facer outras funcións que non son as de tractorista. Que trae a resolución do ano 2022 onde aparecen... queda totalmente claro... onde aparece "contratar a D. Eliseo López López, A D. Antonio López Espiñeira e a D. Fernando Ares Vázquez, como persoal laboral temporal

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

do Concello de Monfero coa categoría de tractoristas para que realicen os traballos de mantemento dos accesos aos núcleos de poboación do Concello de Monfero, formalizando a relación laboral mediante a sinatura dun contrato de substitución a tempo completo cunha xornada de 37,5 horas de luns a venres. Cubrir temporalmente estes postos de traballo desde o 1 de maio de 2022 ata que finalice o proceso para a súa cobertura definitiva”, é dicir, que estes tres traballadores teñen que estar como tractoristas do Concello de Monfero para realizar as labores de desbroce, non se pode mandar un operario, como neste caso se están referindo a D. Eliseo López López... este Sr. non pode andar recollendo plásticos nun camión do Concello nin andar no camión do lixo porque non está contratado para iso e que por iso querían que o grupo de goberno do Concello lles dixera por que esta situación e é máis, no caso de que haxa unha inspección de traballo no Concello, o Concello vai a ser sancionado por non ter a esta persoa realizando as funcións que ten que realizar, simplemente iso.

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que moi ben, que entón falan de Eliseo. Que o seu contrato é maquinaria agrícola oficial de primeira e que cumpre perfectamente o seu contrato, que está desbrozando... Interrómpeo a Sra. Concelleira para dicir que iso é mentira. Continúa o Sr. Alcalde en funcións dicindo que agora mesmo está desbrozando, que leva desbrozando un mes... Volve interrompelo. Continúa e di que cando lle mandan facer outras cousas son casos puntuais, como a recollida urxente de plástico, que supón que non se opoñerán xa que estiveron case un ano esixíndolles que o recolleran, que son casos puntuais de urxencia e que aproveitaron tamén que o tractor, o Fiat, estivo avariado, as desbrozadoras houbo que adaptalas aos tractores e aos traballadores, por exemplo, había dous tractores ocupados polos outros dous e o Fiat estaba avariado, que son casos puntuais e que queren que o home sexa produtivo e traballe en beneficio do Concello e non que estea parado e preguntase retoricamente: se o tractor esta avariado vai estar parado o home? e respóndese: pois non, que son casos puntuais pero que evidentemente o seu contrato é de tractorista, que se cumpre o seu contrato, que está facendo as labores de traballador, que o poden comprobar.

Pide a palabra para intervir a Sra. Voceira do Grupo Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño e o Sr. Concelleiro do Grupo Popular, D. José Tojeiro Mosquera, manifesta que agora si. O Sr. Alcalde di que lle gustaría que o pleno funcionara ben, que se alguén quere falar que levante a man e que lle dá a palabra.

Agora fai uso da palabra a Sra. Voceira do Grupo Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño, dálle as grazas e manifesta que non pode vir aquí (o Alcalde en funcións) a dicirlles que o teñen para o que xurda. Interrómpeo o Sr. Alcalde en funcións para dicirlle que el non dixo iso. Continúa a Sra. Concelleira contestándolle que evidentemente non se opoñen á recollida de plásticos pero que o que pasa é que os contratos están para cumprirse e, se o desbroce está sen facer, está persoa terá que estar como está contratado. O Sr. Alcalde en funcións insiste en que dixo que en casos de urxencia e en casos puntuais, que a recollida de plásticos era urxente, que non van a contratar a unha empresa privada para a recollida de plásticos, que se se opoñen a recollida de plásticos que o digan aquí, que non pasa nada, consta en acta, que non se incumpre ningún contrato. A Sra. Concelleira replícalle que os casos de urxencia se resolven doutra maneira, non así, que eles non están dicindo o contrario, que queren que se recolla o plástico pero que o que non queren é que se incumpran os contratos porque se ven unha inspección de traballo, e o ten que saber, o Concello é sancionado, pero que están acostumeados a pagar sancións e lles da igual o diñeiro público, que hai que ter un pouco de cabeza e saber que cada persoa ten un contrato que ten que levar a cabo, simplemente iso. O Sr. Alcalde en funcións manifesta que o que non entende é esta cacería aos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

traballadores municipais, que o ano pasado tamén empezaron co Secretario, pasaron ao Conserxe, agora pasades a Eliseo e despois co seguinte punto pasades a José, que non entende esa cacería cando están traballando en beneficio do Concello, que o contrato o cumpre perfectamente, que volve a repetir que son casos puntuais e casos urxentes, que se o tractor está avariado o home non vai estar sen facer nada, hai que mandarlle facer outras cousas, co que supón que estará de acordo. D.^a M.^a Belén Salido Maroño contéstalle que se hai dous tractores parados todo o verán aí na nave. O Sr. Alcalde en funcións interrónpea e replícalle que non estiveron parados todo o verán. A Sra. Concelleira continúa, dicindo que isto xa parece un cachondeo, que hai que ser un pouco serio e vir a unha sesión plenaria con verdades. Continúa o Sr. Alcalde en funcións repetindo que que os tractores non estiveron parados todo o verán, que Fernando e Toñito estiveron traballando case ata mediados de xullo, ata que colleu a baixa Fernando e que o outro estivo avariado, o Fiat

Pide a palabra para intervir o Sr. Concelleiro do Grupo Popular, D. José Tojeiro Mosquera, pregúntase retoricamente cando empezou a traballar Eliseo no desbroce e contéstase que foi cando eles (Grupo Popular) pediron o Pleno, que antes non empezou. A Sra. Concelleira concorda. Continúa D. José Tojeiro dicindo que iso llo garante, que antes houbo tractores parados no Concello e o Concello todo sen desbrozar. Apunta o Sr. Alcalde en funcións que un dos tractores estaba avariado. O Sr. Concelleiro indica que había outro, que Fernando estivo de baixa e Eliseo non estivo desbrozando, que Eliseo estivo repartindo mesas nas festas e todo iso, e pregunta se iso tamén é de urxencia. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que cando estivo parado o tractor que se comprou novo, tiña a máquina, que hai facturas aí, tivo un amaño de Fariña, dun retén, coitelas e todo iso, que por iso botaron aí unha semana ou dúas. A Sra. Concelleira di que iso foi a principios de ano e o Sr. Alcalde en funcións contéstalle que despois tamén, cando se foi Fernando tamén, que o contrato de traballo cúmpreo perfectamente. Conclúe D. José Tojeiro que el di que Eliseo comezou a desbrozar cando pediron o pleno, que antes non desbrozou nada e a Sra. Concelleira concorda.

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis sen que se produza ningunha.

3.- INFORMAR DO TRABALLO QUE ESTÁ A REALIZAR O ALBANEL CONTRATADO, E DE QUE NON SE ESTÁ A MANDAR AOS OPERARIOS O CPI VIRXE DA CELA PARA REVISAR E PREPARAR AS INSTALACIÓNS CON MOTIVO DO INICIO DO PRÓXIMO CURSO ESCOLAR.

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que este punto lle resulta un pouco curioso porque é adiantarse aos acontecementos: non se está a mandar aos operarios ao CPI Virxe da Cela. Que cando solicitaron o Pleno (o Grupo Popular) xa estaban os operarios no CPI Virxe da Cela. Que os operarios ao CPI Virxe da Cela os manda o goberno local cando o estima oportuno, que para iso están gobernando. Que xa quedaron coa Directora e co Conserxe, que estivo de vacacións ata finais de agosto, en coordinar os traballos cos operarios e que o albanel e os dous peóns se incorporaron cando se incorporou o Conserxe, que é o encargado de coordinar os traballos coa Directora. Que se pintaron cinco ou seis aulas, que o albanel arranxou a cuberta do patio, que outros traballos que fixo o albanel como albanel, foron colocar espellos e máis levantar sinais dos lugares. Que na memoria para contratar ao albanel, que a poden consultar abaixo se queren sen ningún problema, á parte de facer traballos de albanelería, ten labores de roza, de limpeza de beirarrúas, de poda... que ten varias funcións, non só albanelería. Que isto é o que pode informar. Que aínda están no colexio, que cre que pintaron cinco ou seis aulas.



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Deseguido pregunta se hai algunha intervención.

Pide a palabra para intervir a Sra. Voceira do Grupo Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño, quen manifesta que (os gobernantes) poden vir aquí a contarlles unha milonga porque pensan que se cren todo pero bueno... Que eles solicitaron o pleno o 28 de agosto e dous días despois os operarios foron para o colexio. Interrómpea o Sr. Alcalde en funcións para dicir que non é certo, que xa estiveran antes. A Sra. Concelleira contéstalle que é totalmente certo, que si solicitaron este pleno foi porque lles chegou información e mais chegaronlles fotos, que amosa, onde poden comprobar que se estaba a lixar unha aula de infantil. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que iso si, que foron a pintar despois de que convocaran o pleno. Continúa a Sra. Concelleira e, referíndose ás fotos que amosa, di que se ve ao equipo directivo do CPI Virxe da Cela que é o que está facendo o traballo de rascado e de pintado a aula. O Sr. Alcalde en funcións dille que xa tiñan coordinado empezar nesa semana, a Sra. Concelleira replícalle que non, que alí non había nada coordinado, e Sr. Alcalde en funcións contrareplícalle que si, que a pintura si. Continúa a Sra. Concelleira dicindo que a Dirección do Centro se puxo en contacto co grupo de goberno, concretamente coa Alcaldía. O Sr. Alcalde en funcións precisa que se puxo en contacto en maio. Segue a Sra. Concelleira dicindo que desde o Concello se lle dixo que os traballadores non podían ir ao Colexio a pintar esa aula porque estaban ocupados. Pregúntase retoricamente que estaban facendo os traballadores do Concello e contéstase que os traballadores estaban limpando as beirarrúas. O Sr. Alcalde en funcións pregúntalle de que mes fala, que el fala de antes de que solicitara o pleno. A Sra. Concelleira dille que do mes de xullo, que solicitaron o pleno o 28 de agosto, que, como pode comprobar, a foto non a fixeron como lles dou a gana, que nela vese perfectamente como está o Xefe de Estudos de Educación Primaria, vese á Directora do Colexio, vese a outro profesor, vese claramente como están a facer os traballos de rascar e pintar a aula esa de infantil. Que foi o 29 de xullo cando lle chegaron a ela as fotos, e dicir, este Concello está adherido ao Acordo Marco da Consellería e da FEGAMP e, entón, está a incumplir coas súas obrigas porque o Concello ten a obriga de realizar as labores de mantemento no Colexio e lles están negando... O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que non están incumprindo nada, que xa as están realizando, e pregúntalle se non as están realizando. A Sra. Concelleira respóndelle que as están realizado agora, unha vez presentado o Pleno, que é cando mandan aos traballadores ao Colexio. O Sr. Alcalde replícalle que non é así, que xa foron antes a amañar a cuberta do patio. A Sra. Concelleira dille agora que as goteiras do Colexio están sen solucionar a día de hoxe, 18 de setembro, que aínda estivo onte no Colexio. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que daquela volvera a falar co Conserxe a ver... Continúa a Sra. Concelleira dicíndolle que entón no veña aquí a contar unha milonga, que non é enganar á oposición que é enganar a toda a veciñanza. O Sr. Alcalde en funcións replícalle que non conta milonga ningunha, que alí estivo o Conserxe co Albanel amañando goteiras na cuberta do patio, ela insiste en que as goteiras do Colexio están sen solución e el contéstalle que volverá falar con eles, que non o informaron daquela. Insiste a Sra. Concelleira en que eles queren saber por que se lle dixo a Dirección do Centro que non se ía pintar a aula, que os traballadores estaban ocupados noutras tarefas, e pregunta que tarefas hai máis importantes que ir a facer a posta a punto do Colexio para cando empece en setembro o curso escolar, e afirma que non se pode traballar así de esa forma porque así Monfero non vai para adiante, vai para atrás, que o levan eles. O Sr. Alcalde en funcións di que está de acordo pero que se está pintando, que levan seis aulas. A Sra. Concelleira replícalle que se está pintando porque o pinta a Dirección do Colexio e o Sr. Alcalde en funcións rebátello e pregúntalle polos traballos que se quedou coa Directora que se coordinaban. Insiste a Sra. Concelleira dicindo que aos obreiros se lles manda ir a limpar as beirarrúas porque é máis importante quitarlle a herba as beirarrúas que

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

mandalos ao Colexio e pide un pouco de sentido. Tamén insiste o Sr. Alcalde en funcións en que se quedou en que se coordinaban os traballos co Conserxe cando regresara das vacacións, que el pode responder desde que está en funcións. Reitera a Sra. Concelleira que o Concello non está a cumprir coas súas obrigas e que lle vai dicir máis cousas, que a Consellería de Educación tense que facer cargo de cousas que son competencia do Concello, que ela está en comunicación coa Consellería e máis coa dirección do Colexio, e que o Concello non está a cumprir coas súas obrigas, que quede ben clarito na acta. O Sr. Alcalde replícalle que esa é a súa opinión coa que non está de acordo.

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis sen que se produza ningunha.

4.- MODIFICACIÓN DO PUNTO 12 DO ACORDO ADOPTADO NA SESIÓN PLENARIA DE ORGANIZACIÓN DA CORPORACIÓN CELEBRADA O DÍA 19 DE XULLO DE 2023, DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS PLENARIAS NA ALCALDÍA.

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que neste punto o Grupo Municipal do BNG presentou unha emenda, da que lle deu traslado ao Partido Popular, e preguntalle ao Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, se segue en pe a emenda. O Sr. Concelleiro contesta que si, pero que se non entrou para este pleno non sabe se... e pregunta se entra ao final para este pleno, se pode entrar para este pleno como emenda. Respóndelle a Sra. Voceira do Grupo Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño, que non. Pola súa banda, o Sr. Alcalde en funcións respóndelle que como emenda si, como emenda ao punto si, como moción non. A Sra. Concelleira do Grupo Popular di que entende que terían que aprobar eles a emenda que foron os que solicitaron o pleno. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que non, que o aproba o pleno. De orde do Sr. Alcalde en funcións, o Sr. Secretario informa que entende que si, que se hai unha emenda, antes de debater o acordo hai que votar sobre a emenda e se se emenda o acordo non ha lugar a debater a outra... A Sra. Concelleira di que ela entende que eles (Grupo Popular) foron os que pediron o pleno e están no seu dereito de decidir se se... que non sabe, que cre que é así. Prosegue o Sr. Secretario informando canto ao réxime das emendas, con lectura do artigo 97.5 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, que di (le) "Emenda é a proposta de modificación dun ditame ou unha proposición presentada por calquera membro mediante escrito presentado ao presidente antes de iniciarse a deliberación do asunto". Que cumpre todos os requisitos: presentouse por escrito, presentouse ao presidente e antes de iniciarse a deliberación do asunto, e que entón o que hai que facer antes de entrar a ver a proposta que está presentada, é votar se se acepta a emenda ou non se acepta e entón quedaría emendada a proposición do... A Sra. Concelleira expresa que ela non sabe, que ela simplemente... que tiña entendido que era doutra forma, pero bueno. Continúa o Sr. Secretario dicindo que xa houbo máis emendas no Concello e que sempre se actuou da mesma maneira, que o que procedería sería votar a emenda, que se trata de incorporar na parte resolutiva un acordo diferente, no lugar de revogar as competencias sería modificar o acordo do pleno de 2023 incorporándoo. O Sr. Alcalde en funcións concorda.

A proposta de acordo da Sra. Concelleira e dos tres Concelleiros do Grupo Popular sobre este punto da orde do día, que se remitiu xunto coa convocatoria da sesión ao Sr. Concelleiro do BNG, insérese a continuación:



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

4.Modificación do punto 12 do acordo adoptado na Sesión Plenaria de Organización da Corporación celebrada o día 19 de Xullo de 2.023, Delegación de competencias plenarias na Alcaldía.

No pleno extraordinario de organización celebrado o día 19 de Xullo de 2.023, aprobouse o seguinte

ACORDO:

1º- Delegar na Alcaldía o exercicio das seguintes atribucións:

A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

As expresamente relacionadas como de competencia do Alcalde nas bases de execución do orzamento en vigor en cada momento.

2º-Autorizar á Alcaldía para a aprobación e sinatura dos convenios de colaboración con outras administracións públicas que considere convenientes, especialmente para a xestión e obtención de subvencións doutras entidades, que deberán ser ratificados posteriormente polo Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.

3º-Revocar o resto dos acordos vixentes de delegacións de competencias do Pleno da Corporación na Alcaldía.

4º-Estes acordos xurdirán efectos desde o día seguinte aos da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

5ºAs referencias deste acordo a normas e preceptos concretos entenderanse feitas de xeito automático aos preceptos das normas que, no seu caso, as modifiquen ou substitúan.

MOTIVACIÓN DA PROPOSTA:

Por todo o exposto no punto 3 de esta solicitude.



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

PROPOSTA DE ACORDO:

Revogar as seguintes competencias do Pleno delegadas na Sesión Plenaria da Corporación celebrada o 19/7/2023 na Alcaldía:

A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

As expresamente relacionadas como de competencia do Alcalde nas bases de execución do orzamento en vigor en cada momento.

2º-Autorizar á Alcaldía para a aprobación e sinatura dos convenios de colaboración con outras administracións públicas que considere convenientes, especialmente para a xestión e obtención de subvencións doutras entidades, que deberán ser ratificados posteriormente polo Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.

3º-Revocar o resto dos acordos vixentes de delegacións de competencias do Pleno da Corporación na Alcaldía.

4º-Estes acordos xurdirán efectos desde o día seguinte aos da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

5ºAs referencias deste acordo a normas e preceptos concretos entenderanse feitas de xeito automático aos preceptos das normas que, no seu caso, as modifiquen ou substitúan.

Monfero, 28 de Agosto de 2.024

Asdo. 
M^{ra} BELEN SALIDO

Asdo. 
José Teodoro Mosquera

Asdo. 
ANGEL FILGUEIRAS

Asdo. 
PATÓN BLANCO



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

O escrito presentado polo Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, de emenda da proposta de acordo anterior, que foi remitido a Sra. Voceira do Grupo Popular, insérese a continuación:



Don Manuel García Deive Portavoz do Grupo Municipal do BNG no concello de Monfero, ao abeiro da lexislación vixente,

Expón:

Que o Partido Popular de Monfero, a través de escrito presentado en rexistro municipal, solicita pleno extraordinario que se convoca polo órgano competente para o vindeiro 18 de setembro.

Nesta solicitude, o Partido Popular propón unha orde do día na que solicita aclaracións sobre varios aspectos do funcionamento ordinario municipal. Esta orde do día completase cunha modificación dos acordos adoptados no pleno de organización municipal do pasado 19 de xullo de 2023.

Finalmente o acordo presentado na parte resolutive persegue o baleirado de competencias da xunta de goberno local, así como dalgunha das atribucións actuais da alcaldía.

Coincidindo coa necesidade de cambiar varios aspectos de como actualmente se están organizando os servizos municipais, que , claramente están a provocar un abandono total do territorio e da cidadanía de Monfero, non parece a mellor das alternativas a de eliminar as atribucións dun órgano como a xunta de goberno local, para que sexa o pleno quen recolla estas. Unha medida que pola contra afondaría nas dificultades de xestión ao restar axilidade nas decisións. É dicir, parece que o que quere o PP con esta medida é conducir á paralización do funcionamento ordinario do concello.

Mentres, non existe ningunha proposta que na práctica conduza a resolver os problemas que se sinalan.

No senso de avanzar cara unha mellor xestión municipal, o Bloque Nacionalista Galego propón unha modificación dos acordos a votar, coa introdución dunha batería de medidas que atallen os problemas evidenciados e deseñen un novo xeito de traballar por Monfero.

O artigo 78 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, faculta a alcaldía ou presidencia para modificar os puntos da orden do día.

Por todo o anteriormente **solicita:**

1- Incorporar na parte resolutive o seguinte acordo:

O pleno do concello de Monfero acorda:

1- Realizar un plan de rozas de camiños e espazos públicos que contemple a capacidade dos medios existentes, optimice o seu rendemento e priorice aquelas



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)



zonas con maior densidade de tráfico ou afluencia de público. Mesmo reforzando o servizo naquelas épocas do ano de meirande taxa de crecemento da broza, ou en datas concretas na que se desenrolen actividades en calquera zona do concello (festas, eventos deportivos, etc).

2- Revisar as atribucións do persoal en cada posto de traballo no ámbito de servizos e obras municipais co fin de facer un correcto deseño de cada posto de traballo e rematar coa redacción dunha correcta relación de postos de traballo.

3- Conxuntamente coa ANPA e equipa directiva do CPI Virxe da Cela, revisar as necesidades deste centro naqueles ámbitos que sexan competencia do concello de Monfero, para finalmente establecer un calendario de actuacións que recolla as prioridades e necesidades do espazo educativo.

4- Demandar da Xunta de Galiza que exerza as competencias establecidas no Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias, a respecto do mantemento dos servizos auxiliares no CPI Virxe da Cela.

En Monfero a 16 de setembro de 2024

Asdo. Manuel García Deive

Portavoz municipal



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Acto seguido, o Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter a votación se procede a emenda, se a emenda vai para adiante. Vótase. O resultado é o seguinte: 4 votos a favor (PSOE e BNG), 4 votos en contra (PP) e ningunha abstención. O Sr. Alcalde así o declara e, como o resultado é de empate, procedese a votar novamente, co mesmo resultado. Deseguido o Sr. Alcalde en funcións declara que queda aprobada co voto de calidade do Alcalde.

A continuación, de orde da Alcaldía, o Sr. Secretario procede a lectura íntegra do escrito de emenda transcrito anteriormente.

Despois, o Sr. Alcalde en funcións indica que se vai proceder a votación sobre a emenda do Grupo Municipal do BNG para incorporala tamén, no caso de que saia aprobada, ao acordo de xullo, quedando aclarado, coa asistencia do Secretario e a intervención da Sra. Voceira do Grupo Popular, que se vai votar a proposta emendada, de tal forma que o acordo que se propón ao pleno é modificar o acordo plenario, no lugar de como propoñía o Grupo Popular, como propón o BNG.

Deseguido, o Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención.

Pide a palabra para intervir a Sra. Voceira do Grupo Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño, quen manifesta que eles (Grupo Popular) votaron en contra da emenda porque non están totalmente de acordo co que presenta o BNG. No primeiro punto, que é realizar o plan de rozas de camiños, ven que hai unha desigualdade para diferentes zonas do Concello, é dicir, se se desbroza unha zona porque ten maior densidade de tráfico ou máis afluencia de xente, ven que é unha desigualdade para outras zonas do Concello e eles, evidentemente, sempre loitarán pola igualdade de todos os veciños, porque todos os veciños pagan os impostos e todos os veciños necesitan ter ese servizo e entón, que xa o dixo antes, o Concello debería de ter dúas rozas no ano pero en todo o Concello, non nun lugar si e noutro non, que eles defenderán a igualdade entre todos os veciños e entón pois isto non o ven axeitado, que se faga con certa prioridade nunhas zonas e noutras non. En canto ao segundo punto, que o Concello xa conta cunha RPT pero que eles estaban referíndose a pedir explicacións acerca dos contratos. Que, evidentemente, se existe unha relación de traballos pois xa están claramente definidos os postos do Concello. Respecto do punto número 3, que fala de conxunto coa ANPA e equipo directivo, que a ela cónstalle que xa hai comunicación coa ANPA e máis co equipo directivo desde o Concello e o seu grupo está en contacto coa ANPA e co equipo directivo do colexio. E no 4 punto, onde di de mandar á Xunta de Galicia, como dicía antes, a Xunta de Galicia xa está facendo moitísimo máis polo colexio do que está facendo o Concello de Monfero porque, ao final, as cousas que non fai o goberno municipal tenas que asumir a Xunta de Galicia. Que eses son os motivos de que votaran en contra.

Acto seguido intervén o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, quen manifesta que se presentou iso era porque tampouco non estaba de acordo co que estaban presentando eles, que queda claro. Do segundo punto, da RPT, que a el lle daban a entender que non a había, que non sabe. A Sra. Concelleira dille que o Secretario o pode dicir, que existe unha relación de postos de traballo no Concello, que xa foi modificada varias veces. O Sr. Secretario informa que si a hai. Continúa a Sra. Concelleira dicindo que o seu motivo para votar en contra foi ese, que non hai outro, simplemente que non ven axeitado o escrito.

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis sen que se produza ningunha.

Acto seguido, o Sr. Alcalde en funcións anuncia que van proceder á votación. Vótase. O resultado é o seguinte: 4 votos a favor (PSOE e BNG), 4 votos en contra (PP) e ningunha abstención. O Sr.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Alcalde en funcións así o declara e, como o resultado é de empate, procedese a votar novamente, co mesmo resultado. Deseguido o Sr. Alcalde en funcións declara que queda aprobada co voto de calidade do Alcalde a emenda do BNG e que se incorpora ao acordo do mes de xullo do ano pasado.

5.- MODIFICACIÓN DO PUNTO 12 DO ACORDO ADOPTADO NA SESIÓN PLENARIA DE ORGANIZACIÓN DA CORPORACIÓN CELEBRADA O DÍA 19 DE XULLO DE 2023, DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS PLENARIAS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Comeza o Sr. Alcalde en funcións preguntando ao Sr. Secretario que non sabe se ten sentido votalo ou xa queda emendado coa emenda primeira, se é o mesmo procedemento. O Sr. Secretario informa que son puntos diferentes, que se a emenda está presentada para os dous puntos habería que votala igual, que é o mesmo procedemento.

Manifesta entón o Sr. Alcalde en funcións que neste punto habería que facer como no punto anterior, volver a someter a votación a proposta de emenda, se vai levarse a cabo ou non, que ven sendo o mesmo que no punto anterior.

A proposta de acordo da Sra. Concelleira e dos tres Concelleiros do Grupo Popular sobre este punto da orde do día, que se remitiu xunto coa convocatoria da sesión ao Sr. Concelleiro do BNG, insérese a continuación:



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

5. Modificación do punto 13 do acordo adoptado na Sesión Plenaria de Organización da Corporación celebrada o día 19 de Xullo de 2.023, Delegación de competencias plenarias na Xunta de Goberno Local.

No pleno extraordinario de organización celebrado o día 19 de Xullo de 2.023, aprobouse o seguinte

ACORDO:

1º Delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes atribucións:

As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministracións e de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado sexa igual ou supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento, ou a contía de seis millóns de euros, sempre que non supere o 15 por cento dos ditos recursos ordinarios do orzamento, eventuais prórrogas incluídas, cando o importe acumulado sexa igual ou supere a porcentaxe indicada referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio e non supere a porcentaxe do 15 por cento sinalada como límite ou a contía indicada.

A aprobación das bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión dos postos de traballo que sinala o artigo 64.2.k) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, e que o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ao Alcalde.

As expresamente relacionadas como de competencia da Xunta de Goberno Local nas bases de execución do orzamento en vigor en cada momento e as que lle corresponden en materia de axudas e subvencións, de autorización, disposición e recoñecemento de obrigas e liquidación de gastos, incluídos os de recoñecemento extraxudicial de créditos cando xa exista crédito na aplicación orzamentaria procedente, e a liquidación de convenios con outras administracións públicas.

2º Revocar o resto dos acordos vixentes de delegacións de competencias do Pleno da Corporación na Xunta de Goberno Local.

3º Estes acordos xurdirán efectos desde o día seguinte aos da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

4º As referencias deste acordo a normas e preceptos concretos entenderanse feitas de xeito automático aos preceptos das normas que, no seu caso, as modifiquen ou substitúan.

MOTIVACIÓN DA PROPOSTA:

Por todo o exposto no punto 3 de esta solicitude.



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

PROPOSTA DE ACORDO:

1º Revogar as seguintes competencias do Pleno delegadas na Sesión Plenaria da Corporación celebrada o 19/7/2023 na Xunta de Goberno Local:

As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministracións e de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado sexa igual ou supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento, ou a contía de seis millóns de euros, sempre que non supere o 15 por cento dos ditos recursos ordinarios do orzamento, eventuais prórrogas incluídas, cando o importe acumulado sexa igual ou supere a porcentaxe indicada referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio e non supere a porcentaxe do 15 por cento sinalada como límite ou a contía indicada.

A aprobación das bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión dos postos de traballo que sinala o artigo 64.2.k) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, e que o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ao Alcalde.

As expresamente relacionadas como de competencia da Xunta de Goberno Local nas bases de execución do orzamento en vigor en cada momento e as que lle corresponden en materia de axudas e subvencións, de autorización, disposición e recoñecemento de obrigas e liquidación de gastos, incluídos os de recoñecemento extraxudicial de créditos cando xa exista crédito na aplicación orzamentaria procedente, e a liquidación de convenios con outras administracións públicas.


2º Revocar o resto dos acordos vixentes de delegacións de competencias do Pleno da Corporación na Xunta de Goberno Local.

3º Estes acordos xurdirán efectos desde o día seguinte aos da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

4º As referencias deste acordo a normas e preceptos concretos entenderanse feitas de xeito automático aos preceptos das normas que, no seu caso, as modifiquen ou substitúan.

Monfero, 28 de Agosto de 2.024

Asdo. 
Mª BELEN SALIDO

Asdo. 
José Toja

Asdo. _____

Asdo. 
RAMÓN BLANCO



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

O escrito presentado polo Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, de emenda da proposta de acordo anterior, que foi remitido a Sra. Voceira do Grupo Popular, insérese a continuación:



Don Manuel García Deive Portavoz do Grupo Municipal do BNG no concello de Monfero, ao abeiro da lexislación vixente,

Expón:

Que o Partido Popular de Monfero, a través de escrito presentado en rexistro municipal, solicita pleno extraordinario que se convoca polo órgano competente para o vindeiro 18 de setembro.

Nesta solicitude, o Partido Popular propón unha orde do día na que solicita aclaracións sobre varios aspectos do funcionamento ordinario municipal. Esta orde do día completase cunha modificación dos acordos adoptados no pleno de organización municipal do pasado 19 de xullo de 2023.

Finalmente o acordo presentado na parte resolutiva persegue o baleirado de competencias da xunta de goberno local, así como dalgunha das atribucións actuais da alcaldía.

Coincidindo coa necesidade de cambiar varios aspectos de como actualmente se están organizando os servizos municipais, que, claramente están a provocar un abandono total do territorio e da cidadanía de Monfero, non parece a mellor das alternativas a eliminar as atribucións dun órgano como a xunta de goberno local, para que sexa o pleno quen recolla estas. Unha medida que pola contra afondaría nas dificultades de xestión ao restar axilidade nas decisións. É dicir, parece que o que quere o PP con esta medida é conducir á paralización do funcionamento ordinario do concello.

Mentres, non existe ningunha proposta que na práctica conduza a resolver os problemas que se sinalan.

No senso de avanzar cara unha mellor xestión municipal, o Bloque Nacionalista Galego propón unha modificación dos acordos a votar, coa introdución dunha batería de medidas que atallen os problemas evidenciados e deseñen un novo xeito de traballar por Monfero.

O artigo 78 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, faculta a alcaldía ou presidencia para modificar os puntos da orden do día.

Por todo o anteriormente **solicita:**

1- Incorporar na parte resolutiva o seguinte acordo:

O pleno do concello de Monfero acorda:

1- Realizar un plan de rozas de camiños e espazos públicos que contemple a capacidade dos medios existentes, optimice o seu rendemento e priorice aquelas



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)



zonas con maior densidade de tráfico ou afluencia de público. Mesmo reforzando o servizo naquelas épocas do ano de meirande taxa de crecemento da broza, ou en datas concretas na que se desenrolen actividades en calquera zona do concello (festas, eventos deportivos, etc).

2- Revisar as atribucións do persoal en cada posto de traballo no ámbito de servizos e obras municipais co fin de facer un correcto deseño de cada posto de traballo e rematar coa redacción dunha correcta relación de postos de traballo.

3- Conxuntamente coa ANPA e equipa directiva do CPI Virxe da Cela, revisar as necesidades deste centro naqueles ámbitos que sexan competencia do concello de Monfero, para finalmente establecer un calendario de actuacións que recolla as prioridades e necesidades do espazo educativo.

4- Demandar da Xunta de Galiza que exerza as competencias establecidas no Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias, a respecto do mantemento dos servizos auxiliares no CPI Virxe da Cela.

En Monfero a 16 de setembro de 2024

Asdo. Manuel García Deive

Portavoz municipal



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Acto seguido, o Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter a votación que a emenda prospere, que vaia para adiante. Vótase. O resultado é o seguinte: 4 votos a favor (PSOE e BNG), 4 votos en contra (PP) e ningunha abstención. Como o resultado é de empate, procedese a votar novamente, co mesmo resultado. Deseguido o Sr. Alcalde en funcións declara que queda aprobada co voto de calidade do Alcalde.

Ninguén solicita a palabra para intervir e o Sr. Alcalde en funcións anuncia que van proceder á votación do contido da emenda para incorporala ao acordo do pleno de xullo do ano pasado. Vótase. O resultado é o seguinte: 4 votos a favor (PSOE e BNG), 4 votos en contra (PP) e ningunha abstención. Como o resultado é de empate, procedese a votar novamente, co mesmo resultado. Deseguido o Sr. Alcalde en funcións declara que queda aprobada co voto de calidade do Alcalde e que se incorpora ao acordo do mes de xullo do ano pasado.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións da as gracias a todas as persoas asistentes e levanta a sesión, ás once horas e trinta e oito minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde en funcións

O Secretario